



**Podemos axudarte?**  
**Mellora a Seguridade Viaria na túa empresa**

**Chámanos...**  
**981 95 70 18 / 915 94 45 26**  
**Ou pide máis información en ...**  
**issga@xunta.es**  
**www.issga.es**  
**academia@race.es**

**Campaña de  
 Sensibilización e Formación  
 de Seguridade Viaria  
 na Empresa**

**Un condutor formado  
 é un condutor seguro**



**1 Obxectivo da campaña**

Facilitar o acceso á cultura da seguridade viaria aos empresarios e traballadores da Galicia, co fin de diminuír os accidentes de tráfico no ámbito laboral, tanto no traxecto do seu domicilio ao centro de traballo e viceversa (in itinere), como durante a súa xornada laboral (en misión).

**2 Xustificación da campaña**

Os accidentes de traballo mortais relacionados co tráfico teñen cada ano un maior peso no total de accidentes laborais, ata o punto de que 4 de cada 10 accidentes de traballo mortais están relacionados co tráfico, sen esquecer o número de feridos no ámbito laboral debido a accidentes de tráfico, próximo ao 10% do total de feridos. É necesario incorporar na empresa un Plan de Prevención de Accidentes de Tráfico Laborais, que reportará beneficios sociais e económicos tanto ao traballador coma á empresa.

**3 Características da campaña**

Trátase dunha campaña de formación na que o alumno participa activamente por medio de charlas presenciais, cursos a distancia e materiais formativos.

- Formación especializada en Seguridade Viaria
- Acceso ás investigacións e información máis innovadora
- Material orientado á formación e concienciación
- "Aprender facendo": Flash interactivos, foros, chats e vídeos
- Diploma acreditativo

Os cursos non teñen por que supoñer un custo para a empresa, ao estar bonificado a través da Fundación Tripartita para a Formación no Emprego.



VANTAXES PARA O EMPREGADO	VANTAXES PARA A EMPRESA
Redución do risco de accidente laboral	Redución do absentismo laboral
Aplicación dos coñecementos adquiridos ao ámbito familiar e persoal	Redución de prima do seguro
Formación e información sobre os riscos laborais	Redución nos custos indirectos derivados da sinistralidade laboral por accidentes de tráfico
Mellora do currículo formativo para a súa empleabilidade e promoción profesional	Cumprimento de obrigas legais en materia de PRL e responsabilidade social corporativa

## Prevenção de accidentes de tráfico no ámbito laboral: Unha necesidade

Calcúlase que un terzo dos accidentes de tráfico se producen entre persoas que nese momento se encontran traballando.

O accidente dun empregado na estrada é, á vez, accidente laboral e accidente de circulación.

Accidente de traballo: toda lesión corporal que sofre un traballador con ocasión ou como consecuencia do seu traballo, incluídos os que se producen tanto no traxecto do seu domicilio ao centro de traballo e viceversa (in itinere) como en desprazamentos durante a súa xornada laboral (en misión).

Accidente de circulación: aquel que produce, ou ten a súa orixe, nunha vía ou terreo obxecto da lexislación sobre tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade viaria, no que estea implicado polo menos un vehículo en movemento.

Dende o ano 2003 xa é posible distinguir os accidentes de traballo relacionados co tráfico e as cifras revelan a grande importancia destes accidentes, xa que considerando en conxunto os accidentes de traballo en misión e in itinere, os relacionados co tráfico supoñen aproximadamente un 7% do total.

A cifra de accidentes mortais relacionados co tráfico elévase a case un 40% se se consideran conxuntamente os accidentes en xornada de traballo e os in itinere.

Estas cifras son abondo importantes para xustificar o interese por realizar unha formación preventiva en materia de Seguridade Viaria dos traballadores dunha empresa, co fin de proporcionar a información e consellos necesarios para reducir os accidentes viarios laborais.

Os cursos non teñen por que supoñer un custo para a empresa, ao estar bonificado a través da Fundación Tripartita para a Formación no Emprego.



## Formación e información: Todos saímos gañando

Un empregado que resulte ferido nun accidente de tráfico adoita sufrir danos tanto físicos coma psíquicos, ademais de levar consigo grandes custos para o empresario e para a sociedade.

Os factores máis influentes nos accidentes de tráfico relacionados co traballo son o estrés, falta de mantemento do vehículo, non uso de cinto de seguridade e repousacabezas, sobrecarga, mala suxeición da carga, marxes de tempo axustadas, etc.

É na prevención destes factores onde hai que desenvolver unha formación en Seguridade Viaria nas empresas, aludindo aos coñecementos e actitudes de todos os traballadores. Trátase guiar os traballadores cara ás condutas viarias seguras, baseándose nos seguintes conceptos básicos:

Percepción e sensibilización do problema dos accidentes de tráfico

Coñecemento dos dispositivos de seguridade no automóbil

O uso obrigatorio do cinto de seguridade e uso correcto do repousacabezas

Distraccións e estado físico do condutor

Actuación en caso de sinistro

A formación e xestión da Seguridade Viaria dentro da empresa reportará beneficios sociais e económicos tanto aos traballadores coma ás empresas, conseguindo unha boa saúde laboral e promovendo as boas prácticas de condución segura.



## MEDIDAS FORMATIVAS PROPOSTAS DE SEGURIDADE VIARIA

**Creación da figura do responsable de prevención de riscos no tráfico**, encargado de desenvolver as actividades preventivas dentro da empresa.

**Entrega de cuestionario sobre desprazamentos** aos traballadores elaborado coa finalidade de dar un enfoque máis directo aos cursos en función do modo de desprazamento dos empregados.

**Impartición dos cursos:** Charlas e cursos de sensibilización presencial, formación en liña a través de plataforma e-learning, todo iso baseado en conceptos básicos de percepción do problema e condución segura.

**Entrega dos CONSELLOS BÁSICOS DE SEGURIDADE VIARIA:** Documento cos 10 principios básicos de prevención en materia de Seguridade Viaria que se teñen que cumprir como empregados da empresa.

**Actividades informativas e de divulgación nas instalacións:** Utilización de cartelería permanente con consellos básicos de Seguridade Viaria situada nos accesos peonís e de vehículos das instalacións da empresa.

Utilización da Intranet de empresa e envíos de correos electrónicos para desenvolver a campaña "12 meses, 12 consellos de Seguridade Viaria" co fin de realizar recordatorios mensuais baseados en consellos prácticos sobre Seguridade Viaria.



## OUTRAS MEDIDAS ORGANIZATIVAS A TER EN CONTA

Xestión da seguridade viaria nos traxectos domicilio-traballo

- Incentivar o uso do transporte público
- Dispoñer de transporte de empresa
- Fomentar o uso de vehículos compartidos
- Flexibilizar os horarios de entrada e saída

Xestión da seguridade viaria dentro da xornada laboral

- Planificar e organizar previamente as rutas e horarios dos desprazamentos.
- Dispoñer de responsables de transporte que avalíen riscos, elaboren mapas de rutas seguras, controlen o mantemento dos vehículos, etc.

Xestión do parque móbil da empresa

- Adquirir vehículos sobre a base de criterios de seguridade activa e pasiva.
- Elixir e asignar os vehículos adaptados ao tipo de traballo a realizar.
- Fomentar entre os empregados o mantemento e limpeza no vehículo.
- Definir instrucións para a comunicación nos desprazamentos.

